BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO XERAL PARA 2022

CAPITULO I.- NORMAS XERAIS.

Base primeira.- Normas legais e regulamentarias.

A aprobación, execución e liquidación do Orzamento Xeral, así como o desenvolvemento da xestión económica e a fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral que regulan a actividade económica das Corporacións Locais, e polas presentes bases de execución do orzamento, redactadas ó abeiro do disposto no artigo 165.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, Texto Refundido da Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), e o artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990 do 20 de Abril.

Base segunda.- Vixencia temporal e modificación.

1.- De conformidade co establecido no art. 9.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, estas bases só estarán en vigor durante a vixencia do Orzamento Xeral correspondente ó exercicio de 2022 e, no seu caso, durante a prórroga do mesmo.

2.- A modificación das presentes bases requirirá seguir a mesma tramitación que para a aprobación do Orzamento.

Base terceira.- Interpretación.

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes Bases resolveranse polo Pleno da Corporación, previo informe da Secretaría ou Intervención, segundo proceda.

CAPITULO II.- CONTIDO, ESTRUCTURA E PRORROGA DO ORZAMENTO.

Base cuarta.- Contido.

O Orzamento Xeral se integra, conforme ao establecido no artigo 162 do TRLFL, polo Orzamento do propio Concello de Carballo, e ascende, nivelado en gastos e ingresos a 27.860.737,25 euros.

O estado de gastos, contén os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas, e no estado de ingresos figuran as estimacións dos distintos recursos a liquidar durante o exercicio.

Asimesmo inclúense os anexos e documentación complementaria necesaria, tal como establece a lexislación vixente.

Base quinta.- Estructura orzamentaria

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

1.- A estructura do orzamento axústase á Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estructura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Os créditos do estado de gastos presentan o seguinte detalle:

a) Clasificación por programas, con catro niveis de desagregación: áreas de gasto, políticas de gasto, grupos de programas, e programa.
b) Clasificación económica, cos seguintes niveis de desagregación: Capítulo, artígo, concepto e subconcepto.

2.- A aplicación presupostaria, definida pola conxunción das clasificacións por programas e económica, constitúe a unidade sobre a que se efectuará o rexistro contable dos créditos e as súas modificacións, así como as operacións de execución do gasto.

3.- Nos casos en que, existindo dotación orzamentaria para un ou varios conceptos dentro do nivel de vinculación establecida, se pretenda imputar gastos a outros conceptos ou subconceptos do mesmo nivel de vinculación en aplicacións orzamentarias que non figuren abertas na contabilidade de gastos por non contar con dotación orzamentaria, non se precisará operación previa de transferencia de crédito, pero no primeiro documento contable que se tramite con cargo a tales conceptos (RC, A, AD ou ADO) haberá de facerse constar tal circunstancia mediante dilixencia que indique "primeira operación imputada ao concepto". En todo caso respectarase a estrutura orzamentaria vixente.

Tamén entenderanse abertas con cero euros todo os conceptos do Capítulo de Inversións reais (cap 6) que ainda non teñan credito dispoñible na vinculación xurídica, vaian a ser financiados en todo ou parte por un convenio ou subvención.

4.- As previsións incluídas no Estado de Ingresos do Orzamento clasifícanse por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos segundo se detalla no anexo IV da antedita orde ministerial. Así mesmo, dentro do Estado de Ingresos entenderánse abertos con cero euros aqueles subconceptos desenvolvidos na Orde ministerial que aproba a estructura dos orzamentos e nos que, sendo precisa a imputación dun ingreso, non apareceran de forma expresa no Estado de Ingresos do Orzamento municipal.

Base sexta.- Prórroga do Orzamento.

1.- Se ao iniciarse o exercicio económico seguinte non entrara en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o anterior ata o límite dos seus créditos iniciais.

2.- A prórroga non afectará ós créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de inversión que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias e outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse no devandito exercicio.

3.- A determinación das correspondentes aplicacións presupostarias do orzamento que non son susceptibles de prórroga, por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida por decreto do alcalde e previo informe da Intervención. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real Decreto 500/1990.

4.- Delégase no Alcalde a declaración de créditos non dispoñibles, coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do orzamento prorrogado ás previsións contempladas no Proxecto de Orzamento Xeral pendente de aprobación.

5.- En tanto dure a vixencia da prórroga poderán aprobarse as modificacións presupostarias previstas no TRLRFL ou normativa aplicable. Aprobado o orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para darlle cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do Presuposto prorrogado.

CAPITULO III.- DOS CREDITOS E AS SÚAS MODIFICACIONS.

Base Setima.- Limitación dos créditos.

1**.** Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron aprobados no orzamento xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, non podendo adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe destes coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 172 do TRLFL e 25.2 do Real decreto 500/1990 que a desenvolve. O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ao "nivel de vinculación xurídica" que se sinala na Base seguinte.

2**.** Con cargo ós créditos do estado de gastos soamente poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio presupostario. Non obstante, aplicaranse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ó orzamento Xeral.

b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real Decreto 500/1990 requerirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.

c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, relativas ó recoñecemento extraxudicial de créditos.

O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderalle ao Pleno cando no expediente tramitado para o efecto se acredite a existencia de crédito dispoñible e suficiente nas aplicacións orzamentarias correspondentes, todo iso de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Base oitava.- Vinculación xurídica dos créditos.

Coa finalidade de darlle cumprimento ó principio de especialidade cuantitativa, que fixa o límite máximo do gasto, establécese o seguinte nivel de vinculación xurídica dos créditos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a.- A nivel de área de gasto (1) e capítulo (1), os créditos incluidos nos **capítulos III (gastos financieros) e IX (pasivos financieros).**

b.- A nivel de grupo de programa (3) e artigo (2), os créditos do **capítulo I (gastos de persoal**), coas excepcións seguintes:

* A nivel de programa (4) e capítulo (1), as aplicacións orzamentarias correspondientes os seguintes programa de gasto 1360, 2411, 2412, 3120, 3341 e 3342, e tamén as incluídas nos proxectos de gasto corrente con financiación afectada.
* A nivel de política de gasto (2) e artigo (2), as aplicacións orzamentarias correspondentes á seguinte política de gasto: 34 Deporte.

c.- A nivel de grupo de programa (3) e artigo (2), os créditos do **capítulo II (gastos en bens correntes e servizos) ,** coa excepción seguinte:

* A nivel de programa (4) e capítulo (1), as aplicacións orzamentarias correspondentes os seguintes programas de gasto: 1360, 2411, 2412, 3120, 3341 e 3342.
* A nivel de aplicación orzamentaria (4,5), as aplicacións declaradas ampliables nestas bases de execución.

d.- A nivel de grupo de programa (3) e artigo (2), os créditos do **Capítulo IV (transferencias correntes)** coa excepción das aplicacións orzamentarias que recollen créditos das subvencións nominativas previstas nestas bases, que vincularán a nivel de aplicación orzamentaria.

e.- No caso do capítulo **VI** de **gastos por investimentos**, vincularán a nivel de grupo de programa (3) e artigo (2).

Os proxectos de gastos que conten con financiamento alleo vincularán en si mesmos, ata o límite do financiamento alleo e o propio que resulte necesario.

f.- A nivel de aplicación orzamentaria, o créditos para Fondo de continxencia e outros imprevistos (**capítulo V),** por Transferencias de Capital, **(capítulo VII)** e Activos Financeiros (**Capítulo VIII**).

Base novena.- Modificacións de crédito. Principios Xerais.

1.-A modificación dos créditos iniciais do orzamento axustarase ao establecido con carácter xeral no Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, artigos 172 e seguintes o Real decreto 500/1990, artigos 34 e seguintes e nas presentes bases de execución.

2.-Toda modificación do Orzamento esixe proposta razoada xustificativa da mesma, que valorará a incidencia que poida ter na consecución dos obxectivos fixados no momento da súa aprobación e deberá ser tramitada coa petición asinada polo responsable administrativo correspondente ou do Concelleiro/a-Delegado/a.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.- Os expedientes de modificación, que haberán de ser previamente informados pola Intervención Xeral, someteranse aos trámites de aprobación que se regulan nas seguintes Bases**.**

Base décima.- Créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

1. Cando deba realizarse algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte e non exista crédito ou o consignado sexa insuficiente, o Alcalde ou o Concelleiro Delegado de Facenda poderá incoar un expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito que deberá ser aprobado polo Pleno da Corporación, previo informe do Interventor e ditame da Comisión de Facenda, e tramitado cos mesmos requisitos que os sinalados no TRLRFL ou normativa aplicable para a aprobación do Presuposto.

2. Os créditos extraordinarios ou suplementos de crédito poderán financiarse cos seguintes recursos:

- Con cargo ó remanente líquido de Tesourería
- Con novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Presuposto corrente.
- Con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de inversión.
- Mediante baixas dos créditos de aplicacións de gastos non comprometidos, sempre que se estimen reducibles sen perturbación do servizo.
- Mediante operacións de crédito, nas condicións establecidas no art. 177 do TRLRFL.

Base undécima.- Créditos ampliables.

1.-Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados excepto os procedentes de operacións de crédito, salvo os de Tesourería, todo isto de conformidade co disposto no artigo 39.1 do Real decreto 500/1990.

As aplicacións do Orzamento Xeral de Gastos que a continuación se relacionan teñen a consideración de ampliables:

- **9200.83000 Anticipos ao pesoal,** en función dos maiores dereitos recadados sobre a previsión no concepto 83000 Reintegro anticipos.
- **1600.22799, 1601.22799 e 1610.22799,** en función dos dereitos recadados sobre as previsións nos conceptos 39904, 39905 e 39906.

Sen prexuízo do exposto, ao formalizarse os ingresos e gastos referidos, faranse constar, respectivamente, as expresións "*ingreso afectado á aplicación.....*" e "*ampliación efectuada con base no concepto.....*".

2. A aprobación dos expedientes de ampliación de crédito correspóndelle ó Alcalde, previo informe da Intervención. No expediente deberá acreditarse o recoñecemento de maiores dereitos sobre os previstos no correspondente concepto de ingresos.

3. Se no curso da execución do orzamento se fixese necesario declarar ampliables outros créditos, deberase acordar unha modificación das presentes Bases cos mesmos requisitos esixidos para a aprobación do orzamento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Base décimo segunda.- Transferencias de crédito.

1. Os créditos dispoñibles nas diferentes aplicacións poden ser transferidas a outras con distinta vinculación xurídica, sempre que a súa redución non afecte ó funcionamento dos servizos. Os correspondentes expedientes serán incoados pola concelleira delegada de Facenda.

2. A aprobación de transferencias de crédito dentro da mesma área de gasto, ou ben entre distintas áreas de gasto, cando afecten a créditos de persoal, corresponderalle ó Alcalde, previo informe da Intervención, e comunicaráselle ó concelleiro/a delegado que xestione a aplicación na que se vai facer a transferencia negativa. Nos expedientes deberase certificar a existencia de crédito nas aplicacións que deben quedar minoradas.

3. Nos demais casos as transferencias deberán ser aprobadas polo Pleno da Corporación, sendo de aplicación os mesmos requisitos que os esixidos para a aprobación do Presuposto.

4. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás limitacións establecidas no artigo 41 do Real decreto 500/1990.

Base décimo terceira.- Xeración de créditos.

1. Poderán xerar crédito no estado de gastos do orzamento xeral os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

a) Aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins e obxetivos dos mesmos.
b) Enaxenación de bens propiedade do Concello
c) Prestación de servizos
d) Reembolso de préstamos

2. Nos dous primeiros supostos (a, b) será requisito indispensable, para que se poida xerar crédito, que se dea o acto formal de compromiso firme de aportación ou de recoñecemento do dereito, extremos que deben acreditarse no expediente. Nos supostos c) e d)**,** a xeración producirase no momento do recoñemento do dereito, aínda que a dispoñibilidade dos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos.

3**.** Os expedientes de xeración de créditos deberán ser incoados pola Concelleira Delegada de Facenda e aprobados polo Alcalde, previo informe da Intervención no que se deixe constancia da correlación entre o ingreso e o crédito xerado.

Base décimo cuarta.- Incorporación de remanentes.

1. En virtude do principio de anualidade, con cargo ós créditos do estado de gastos, só se poderán contraer obrigas derivadas de gastos que se realicen no ano natural propio do orzamento, agás nos supostos de liquidacións de atrasos ó persoal e de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos correspondentes. Como consecuencia deste principio, os créditos que no derradeiro día do exercicio non estean afectados ó cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

pleno dereito, agás nos supostos nos que proceda a súa incorporación ó orzamento do exercicio seguinte.

2. Poderán ser incorporados ós correspondentes créditos do Estado de Gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non utilizados procedentes de:

a) Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que fosen aprobados no derradeiro trimestre do exercicio.
b) Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos debidamente adquiridos no exercicio anterior.
c) Créditos por operacións de capital.
d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

3. Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ó exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continua-la execución do gasto, ou ben se faga imposible a súa realización.

4. En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, agás os financiados con recursos afectados.

5. A incorporación de remanentes requerirá a existencia de suficientes recursos financeiros que manteñan o equilibrio presupuestario, considerándose como tales o remanente líquido de Tesourería, novos ou maiores dereitos recadados sobre os totais previstos no orzamento, os excesos de financiación e os compromisos firmes de aportación no caso de gastos con financiación afectada.

6. O expediente de incorporación poderase tramitar unha vez que se coñeza a situación dos remanentes e será incoado polo Alcalde ou a Concelleira Delegada de Facenda e aprobado polo Alcalde, previo informe da Intervención.

Base décimo quinta.- Baixas por anulación.

1. Poderá darse de baixa por anulación calquera crédito do Estado de Gastos ata a contía correspondente ao saldo de crédito sempre que a dotación se estime reducible sen perturbación do respectivo servizo.

2. As baixas por anulación poderán acordarse cos seguintes fins:

- Financiación de remanentes de tesourería negativos.
- Limitación da dispoñibilidade dos créditos.
- Financiación de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito.

3**.** O expediente de baixas por anulación deberá ser incoado polo Alcalde ou Concelleira delegada de Facenda e aprobado polo Pleno da Corporación, previo informe da Intervención e dictame da Comisión Informativa de Facenda.

Base décimo sexta.- Das modificacións no estado de ingresos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nos casos nos que non coincidan as previsións dos capítulos IV e VII do Estado de Ingresos cos compromisos de ingresos concertados para a financiamento de gastos con financiamento afectado e co gallo de evitar a inexecutabilidade dos mesmos, por aplicación do establecido no artigo 173.6 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), autorízase a realizar os axustes necesarios no estado de ingresos.

A competencia para a aprobación destas modificacións orzamentarias será do Alcalde cando afecten só ao estado de ingresos do orzamento

CAPITULO IV.- A EXECUCION DO ESTADO DE GASTOS.

Base décimo sétima.- Fases na xestión do Estado de Gastos.

1. A xestión dos créditos incluidos no estado de gastos do orzamento realizarase nas seguintes fases:

a) Autorización do gasto
b) Disposición ou compromiso do gasto.
c) Recoñecemento e liquidación da obriga.
d) Ordenación do pago.

Estas fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 a 61 do Real decreto 500/1990.

2. Dentro do importe dos créditos aprobados no orzamento xeral corresponderalle á Intervención a retención de créditos en base ás propostas de gasto ou modificacións de créditos que se vaian a acordar.

Base décimo oitava.- Acumulación de fases de gasto.

De conformidade co disposto no artigo 184 do TRLRFL e nos artigos 67 e 68 do Real Decreto 500/90, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun solo acto administrativo.

Poderanse, presentar, polo tanto, as seguintes fases:

a) retención do crédito, que constituirá, en todo caso, un acto independente (RC).
b) autorización - disposición (AD).
c) autorización - disposición e recoñecemento da obriga (ADO).

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as devanditas fases se acordasen en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada para acordar todas e cada unha das fases que naquel se inclúan

Base décimo novena.- Retención de créditos

Dentro do importe dos créditos dispoñibles corresponderalle á Intervención xeral, a retención de créditos de acordo coas propostas de gasto ou de modificacións de crédito que efectúen as correspondentes unidades xestoras

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Base vixésima.- Autorización e disposición de gastos.

1. Corresponderalle ó Alcalde a autorización e disposición de:

- Aqueles gastos que estean dentro das materias da súa competencia e que non fosen delegadas na Xunta de goberno local ou nos concelleiros delegados de área.
- Os demais que lle atribúan expresamente as leis e aqueles que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma lle asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

2. Á Xunta de Goberno Local a autorización e disposición dos gastos das materias que lles foran delegadas. Toda proposta de resolución ou acordo da Xunta de Goberno Local que implique a aprobación dun gasto deberá levar aparellado o número da retención de crédito adecuado.

3. O Pleno da Corporación será o órgano competente para autorizar e dispor dos seguintes gastos:

- O recoñecemento extraxudicial de créditos, operacións especiais de crédito, ou concesións de "quita e espera".
- Calquera outro gasto que, por disposición legal o regulamentaria, sexa competencia do Pleno da Corporación.

Base vixésimo primeira.- Recoñecemento e liquidación das obrigas.

1. O recoñecemento de obrigas correspóndelle ao Alcalde, salvo nos casos de delegación na Xunta de Goberno Local, e na súa virtude se declara a exigibilidad dun crédito contra o Concello de Carballo dun gasto debidamente autorizado e comprometido.

2. Terán a consideración de documentos xustificativos da obriga a liquidar, as nóminas, as ordes de servizo para as dietas/axudas de custo e gastos de viaxe e, nos casos de obras, prestación de servizos e realización de subministracións, a factura, que deberá cumprir as prescricións previstas no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación, entre outras:

    - número e, se é o caso, serie.
    - nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio do expendedor.
    - destinatario: Concello de Carballo
    - servizo municipal, concellaría ou área á que fose destinada a prestación.
    - descrición detallada da operación e a súa contraprestación total.
    - lugar e data da súa emisión.
    - entidade bancaria e número de conta a onde transferir o seu importe, se é o caso.
    - En caso de exención do IVE, referencia expresa ao artigo e apartado no que trae causa dita exención.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. As certificacións de obras deberán presentarse axustadas ó modelo tipo aprobado polo Concello, salvo nos proxectos financiados pola Comunidade Autónoma ou pola Deputación Provincial.

4. Deberán emitir a factura en formato electrónico, de forma obrigatoria, en virtude do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público:

a) Sociedades anónimas.
b) Sociedades de responsabilidade limitada.
c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
e) Unións temporais de empresas.
f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

O acceso a esta Plataforma e á información sobre a mesma realizarase a través da seguinte URL: https://face.gob.es

As facturas deberán contar coa sinatura do alcalde ou do concelleiro delegado da área correspondente e que acredite a recepción de conformidade.

Cando o importe da prestación ou servizo que se facture supere os tres mil euros ademais, a sinatura do persoal municipal correspondente, acreditando a correcta execución.

5. Tendo en conta o establecido na lei 15/2010, do 5 de xullo, entre a data de expedición da certificación e a data de rexistro de entrada no Concello non poden transcorrer máis de tres días hábiles.

6. Entenderase por práctica administrativa contable que, dentro das consignacións do orzamento vixente, poden recoñecerse obrigas polo importe de facturas de subministración e servizos de fin do ano anterior que habitualmente se presentan a finais do exercicio ou principios do seguinte.

Base vixésima segunda.- Ordenación de pagos e o pago material.

1. A ordenación de pagos das obrigas previamente recoñecidas corresponderalle ó Alcalde, salvo nos casos de delegación na Xunta de Goberno Local.

2. As ordes de pago deberán acomodarse ó Plan de Disposición de Fondos que se estableza pola Alcaldía, previo informe da Tesourería, tendo prioridade en todo caso os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. O acto administrativo de ordenación poderase materializar en relacións de ordes de pago, nas que se farán constar os importes brutos e líquidos do pago, a identificación do acreedor e a aplicación presupostaria correspondente.

4. Con carácter xeral o pago material das relacións de ordes de pago deberá facerse por transferencia de fondos ás contas correspondentes das entidades financeiras indicadas polos interesados. Con carácter excepcional poderán expedirse cheques ou talóns bancarios a favor de terceiros; o cheque ou talón deberá ser asinado polo Alcalde, a interventora e o tesoureiro e, en todo caso, haberán de ser nominativos a favor do acreedor directo da administración municipal. Os pagos a xustificar tamén poderán facerse en metálico, retirando os fondos nunha Entidade Financieira.

5. O pago material xustificarase pola Tesourería achegando á orde de transferencia bancaria os xustificantes remitidos polas Entidades Financeiras, ou cargo en conta corrente.

Base vixésimo terceira.- Pagos a xustificar

1. Non se poderán expedir ordes de pagamento sen a debida xustificación da obriga a que a esta se refira. Porén, as ordes de pago ás que non se poidan acompañar os documentos xustificativos no momento da súa expedición, terán o carácter de "a xustificar" e se deberán axustar ás seguintes normas:

a) A súa expedición será aprobada polo órgano competente para a autorización e disposición do gasto, previo informe da Intervención, aportándose coa solicitude informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pago, e sobre a motivación do importe dos fondos, cuxo libramento anticipado se solicita.
b) Serán aplicables soamente ós gastos imputables a calquera das aplicacións do Capítulo II da clasificación económica do estado de gastos coa excepción dos gastos de arrendamentos (artigo 20) e os gastos dos cursos AFD e do Obradoiro de Emprego (programas 2411 e 2412) e á aplicación 3340.48100 premios certames promoción cultural.
c) Os fondos librados a xustificar poderán situarse, a disposición da persoa autorizada, en conta corrente bancaria aberta para tal efecto, ou ben entregándoselle en efectivo ou por cheque nominativo ao perceptor.
d) O perceptor do pago a xustificar deberá rendir contas das cantidades gastadas, no prazo de tres meses, e sempre antes do 31 de decembro, ante a Intervención Municipal, mediante facturas orixinais nas que conste o "recibín" do proveedor e o "conforme" do Concelleiro-Delegado correspondente, e terá que concordar cos movimentos da conta restrinxida. A custodia dos fondos será responsabilidade dos perceptores.
e) A conta, cos documentos xustificativos e o informe da Intervención, someteranse á Alcaldía para a súa aprobación.
f) Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ó reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á conta xustificante do ingreso efectuado.

2. A Intervención levará conta das ordes de pago expedidas co carácter de “a xustificar” co nome do perceptor, a cantidade pagada e a data máxima para xustificación.
De non se render a conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír expediente de alcance contra o perceptor dos devanditos fondos, de conformidade co

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

disposto para os efectos na Lei xeral orzamentaria. De igual modo procederase contra os perceptores de fondos librados "que se han de xustificar" polas cantidades non xustificadas adecuadamente nin reintegradas nos prazos establecidos.

3**.** O importe individual de cada pago a xustificar non pode superar, en ningún caso, o importe da aplicación á que sexa imputable contablemente o gasto, aínda que exista maior crédito dentro do nivel de vinculación xurídica.

4. Para o seu seguimento contable estarase ao disposto na Orde de HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

Base vixésima cuarta.- Anticipos de caixa fixa.

1. Terán a consideración de anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter non presupostario e permanente que se fagan a un habilitado para a atencións de carácter periódico ou repetitivo, dotándoos cunha cantidade inicial que se reporá a medida que se aproban os seus xustificantes. A constitución de calquera anticipo de caixa, así como o nomeamento do perceptor, límite cuantitativo e a aplicación ou aplicacións orzamentarias, farase mediante resolución do alcalde.

2. Co anticipo de caixa fixa, o habilitado poderá atender os gastos imputables a calquera das aplicacións do Capítulo II da clasificación económica do estado de gastos coa excepción dos gastos de arrendamentos (artigo 20) e os gastos dos cursos AFD e do Obradoiro de Emprego (programas 2411 e 2412) e á aplicación 2310.48901 “Subv. acción social a particulares”.

3. Os límites cuantitativos dos anticipos son os seguintes:

- Globalmente, os anticipos non poderán exceder no exercicio de 20.000 €.
- Individualmente, cada anticipo non poderá exceder de 2.000 €.

4. As provisións en concepto de anticipos de caixa fixa realizaranse dende unha conta bancaria de titularidade municipal, en virtude dunha resolución da Alcaldía e previo informe da Intervención. Os fondos situaranse nunha conta bancaria de titularidade do Concello de Carballo de cuxos fondos poderá dispor o habilitado de pagamentos. Excepcionalmente os fondos poderán situarse en metálico nunha caixa auxiliar da Corporación.

5. Os perceptores dos anticipos renderán contas dos gastos atendidos cos mesmos a medida cas necesidades de tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados e, en todo caso, no mes de decembro de cada ano. As contas cos seus xustificantes serán aprobadas pola Alcaldía, previo informe da Intervención.

Ao aprobarse a xustificación da conta, aplícase o gasto e o pago presupostario e efectúase a imputación á conta económica do Plan Xeral de Contabilidade Pública, e se reintegrará a cantidade xustificada.

CAPITULO V.- NORMAS ESPECIFICAS PARA GASTOS DE PERSOAL.

Base vixésima quinta.- Réxime retributivo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. **Dos empleados municipais.**

a) O pago de toda clase de retribucións ós funcionarios, laborais e persoal eventual efectuarase mediante nómina mensual, que se pechará o día 20 de cada mes. As alteracións que se produzan con posterioridade a esa data causarán efecto na nómina do mes seguinte. Achegarase un parte das variacións habidas nesta con relación ao mes anterior para a súa debida fiscalización.

b) O pago dos trienios farase automáticamente na data que corresponda.

c) Os funcionarios que desempeñen accidentalmente as prazas de Secretario/a, Interventor/a, Tesoureiro/a e Sarxento de Policía, durante vacacións, enfermidade e outras ausencias do titular, percibirán unha gratificación pola diferencia de retribucións complementarias.

2. **Dos membros corporativos.**

a) As retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación axustaranse ós acordos adoptados na sesión ordinaria e organizativa do Pleno da Corporación correspondente.

b) A porcentaxe das cantidades a excluír en aplicación do artigo 17.2.b da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas será o 40 por cento, conforme co disposto na referida norma.

Base vixésima sexta.- Gratificacións e horas extra.

1. As **gratificacións por servizos especiais e extraordinarios** rexiránse polas seguintes normas:

A Alcaldía autorizará a realización de traballos fora da xornada laboral con dereito a gratificación. A realización dos traballos será xustificada polo empregado co visto e prace do Concelleiro correspondente. O gasto será aprobado en Xunta de Goberno Local e materializarase na nómina do mes.

Imputaranse á aplicación 9200.15100 "Gratificacións", no caso de persoal funcionario e 9200.13001 "Gratificacións persoal laboral", no do persoal laboral.

2. Definición das **clases de xornada**.

Para o cómputo e valoración dos servizos especiais e servizos extraordinarios prestados polos empregados municipais, así como das horas extraordinarias realizadas polos funcionarios do concello, as xornadas clasificaranse da seguinte maneira:

- **Xornada ordinaria**: a realizada entre as 7 horas e as 22 horas dos días non festivos.
- **Xornada nocturna**: a realizada entre as 22 horas de determinado día e as 7 horas do día seguinte.
- **Xornada festiva**: a realizada entre as 22 horas da véspera e as 22 horas de cada sábado, domingo ou festivo. Tamén terá tal carácter a realizada a partir das 7 horas do día que teña a natureza de día libre ou día de descanso no caso de funcionarios ou traballadores con réximen de traballo ordinario en quendas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- **Xornada nocturna-festiva**: na que concorran simultáneamente as características definitorias das xornadas nocturnas e das xornadas festivas.

3. Servizos especiais e servizos extraordinarios.

3.1.- Concepto.

Terán a consideración de servizos especiais e servizos extraordinarios os prestados de forma excepcional e non periódica fora do horario ordinario de traballo.

Aos efectos de compensar aos empregados que presten tales servizos extraordinarios ou especiais, deberase ponderar obxectivamente o feito de que os mesmos se realicen en xornadas ordinarias, en xornadas nocturnas, en xornadas festivas, ou en xornadas festivas-nocturnas, aplicando aos devanditos efectos un sistema de cómputo de xornada que convirta tales servizos na súa equivalencia en termos de horas ordinarias. Para tal cómputo serán de aplicación os seguintes coeficientes de ponderación:

- 1,75 para os servizos prestados en xornadas ordinarias
- 2,00 para os servizos prestados en xornadas nocturnas
- 2,10 para os servizos prestados en xornadas festivas
- 2,25 para os servizos prestados en xornadas que sexan festivas e nocturnas simultáneamente.

Aos empregados que presten a súa xornada en réxime de quendas e só para estes efectos, consideráselles como festivos os seus días libres, con independencia dos que figuren no calendario laboral oficial.

3.2.- Procedimento de compensación dos servizos especiais e servizos extraordinarios prestados polos empregados do concello.

Os servizos especiais e servizos extraordinarios prestados, unha vez convertidos nas horas ordinarias equivalentes que resulten en cada caso despois da aplicación dos criterios de ponderación establecidos no apartado precedente, darán lugar á conseguinte compensación económica. Ista compensación será equivalente á cantidade resultante de multiplicar o valor da hora ordinaria de traballo do funcionario polo número de horas ordinarias equivalente resultantes do citado cómputo. O valor da hora ordinaria de traballo de cada posto será o resultado de sumar o soldo base, o complemento de destino e o complemento específico anuais divididos polo número de horas da xornada anual. En ningún caso poderán presentarse ó cobro nin aboarse tempos de traballo realizados en xornadas que correspondan como días de permiso solicitados ou de vacacións.

Base vixésima sétima.- Indemnizacións por razóns de servizo.

1.- As indemnizacións por razón de servizo do persoal municipal se regulan polo establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, e demais normativa estatal de aplicación.

Darán lugar a indemnización por razón de servizo os seguintes supostos:

a) Comisións de servizos con dereito a indemnización segundo o Real Decreto 462/2002.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) Desprazamentos dentro do termo municipal por razón de servizo.
c) Asistencias por participación en tribunais de oposicións e concursos.
d) Asistencias por participación en comités técnicos de valoración, no curso dun procedemento de contratación administrativa.

2**.** As indemnizacións dos funcionarios axustaranse ó establecido no Real Decreto 462/2002 coa seguinte equivalencia:

Secretario, Interventor e Tesoureiro	Grupo 1
Técnicos, Arquitecto, Aparellador e demais persoal do Grupo A2	Grupo 2
Grupo C1	Grupo 3
Resto	Grupo 4

3. O persoal laboral percibirá as dietas coa seguinte equivalencia:

Titulación superior ..... Grupo 2
Titulación Media ..... Grupo 3
Resto ..... Grupo 4

4. Tódalas comisións de servizo con dereito a indemnización serán autorizadas pola Alcaldía, quen ademais aprobará o gasto e ordeará o pago.

5.- Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, a través de liquidación. Terán, así mesmo dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

6.- Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva así como parcial, terán dereito a ser indemnizados por outros gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, previa xustificación documental e na contía que determine o Pleno municipal

Base vixésima oitava.- Anticipos ó persoal.

1. Poderánse conceder anticipos ó persoal polo importe máximo de dúas mensualidades das retribucións líquidas, debéndose reintegra-lo devandito anticipo en dez mensualidades, cando se trate dunha paga, ou en catorce mensualidades se se trata de dúas pagas. Estes anticipos serán concedidos sen xuro ningún.

Os anticipos serán autorizados por Decreto do Alcalde e imputaránse á aplicación orzamentaria 9200.8300 Anticipos ao Persoal.

3. A quen se lle conceda un anticipo non poderá desfrutar doutro nun prazo mínimo de dous anos dende a concesión do primeiro, aínda que amortice anticipadamente o seu importe, salvo nos casos dunha necesidade urxente debidamente xustificada.

CAPITULO VI.- REXIME DAS SUBVENCIONS.

Base vixésima novena.- Réxime das subvencións.

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1.- Incorporase como Anexo I a estas Bases de Execución o Texto da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo, que fora publicada no BOP de A Coruña núm. 29 de 9 de febreiro de 2018.

2.- No exercicio 2022, conforme co establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións outorgaranse as subvencións nominativas que seguidamente se detallan aos perceptores e polo importe máximo que se indica:

Aplicación orzamentaria		**Importe**
1350.48900	AGRUPACIÓN VOLUNTARIOS PROTECCIÓN CIVIL	25.000,00
1720.48900	SUBVENCIÓN SENDA NOVA ESCOLA AMBIENTAL	6.400,00
2310.48903	CONVENIO CÁRITAS ATENCIÓN PRIMARIA	15.000,00
3120.48900	VIEIRO- PROGRAMA DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS	6.000,00
3380.48900	SUBVENCIÓN FESTAS SAN XOÁN/ ASOCIACION CULTURAL SAN XOAN	115.000,00
3340.48901	ASOCIACIÓN CULTURAL TELÓN E APARTE	35.000,00
3340.48901	XIRIA POP- ASOCIACIÓN O MOLETE PSICOPOP	7.000,00
3410.48901	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	8.000,00
3410.48901	BERGANTIÑOS CLUB DE FÚTBOL	60.000,00
3410.48901	ESCOLA BÁSQUET XIRIA- PEQUEBASKET	6.000,00
3410.48901	A. D UN PASO MÁIS	3.000,00
3410.48901	ESCOLAS BALONMAN XIRIA/ CARBALLO HANDBALL FESTIVAL	4.500,00
3410.48901	ESCOLA LUBIÁNS HOCKEY/ 3X3 CARBALLO	3.500,00
3410.48901	ADC VOLEI PRAIA COSTA DA MORTE	4.500,00
3410.48901	AD CARBALLO.LIGA LOCAL FUTBOL SALA	1.500,00
3410.48901	CC CARBALLO. CHALLENGE JUNIOR CARBALLO	9.000,00
	SUBVENCIÓNS FOMENTO DEPORTE: USO INSTALACIONS:	
3410.48901	AGRUPACION DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	140.000,00
3410.48901	SALVAMENTO Y SOCORRISMO CARBALLO	110.000,00
3410.48901	BERGANTIÑOS F.C.	80.000,00
3410.48901	ESCOLAS LUIS CALVO SANZ	20.000,00
3410.48901	ESCOLAS BALONMAN XIRIA	25.000,00
3410.48901	ESCOLA LUBIÁNS DE HOCKEY	16.000,00
3410.48901	ESCOLA BASKET XIRIA	17.500,00
3410.48901	S. D. SOFAN	50.000,00
3410.48901	S.D SAN LORENZO	7.000,00
3410.48901	A. D. XIRIA VOLEI	7.000,00
3410.48901	S.D OZA	5.500,00
3410.48901	CLUB BALONCESTO ARTAI	12.000,00
3410.48901	ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA AWEN	3.000,00
3410.48901	A.D CARBALLO FÚTBOL SALA	2.000,00
3410.48901	A.D MEDIA DUCIA	5.000,00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CAPITULO VII.- A EXECUCION DO ESTADO DE INGRESOS.

Base trixésima.- Ingresos directos.

1. O importe da recadación por ingresos directos ingresarase diariamente na conta restrinxida aberta ó efecto.

2. A aplicación presupostaria dos ingresos directos na conta restrinxida realizarase mensualmente. Darase conta á Xunta de Goberno Local, dos ingresos realizados directamente na Caixa Municipal ou nas contas restrinxidas abertas ó efecto.

Base trixésima primeira.- Ingresos por recibo.

1. Os recibos para o cobro serán preparados no Servicio de Xestión Tributaria coa colaboración inmediata do Informático Municipal. Unha vez aprobadas as liquidacións e recoñecido o dereito, comunicarase a Tesourería o decreto da aprobación e o número de operación contable, para o inicio do procedemento de cobro.

2. O importe da recadación se ingresará na conta restrinxida aberta ó efecto e se presentará diariamente na Tesourería o xustificante bancario dos ingresos realizados. Posteriormente, con periodicidade mensual, se presentará un resumen dos ingresos realizados con aplicación a cada concepto presupostario. Deste resumen mensual darase conta á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebre no mes seguinte, co fin de que este órgano de goberno poida seguir o estado de execución dos ingresos e autorice a aplicación definitiva dos mesmos.

CAPITULO VIII.- FUNCIÓN FISCALIZADORA.

Base trixésima segunda.- Control y fiscalización.

O control interno da xestión económica do Concello realizarase sobre o conxunto da súa actividade financeira e sobre os actos con contido económico que a integran, nos termos establecidos no TRLFL, no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, na presente base e demais normativa que o desenvolve, sendo supletoria a Lei xeral orzamentaria e norma ou normas que a desenvolven, aínda que nestas se especifique que o seu ámbito de aplicación é o estatal, sempre e cando estas non conculquen a normativa específica de carácter local.

A Intervención xeral, exercerá as funcións de control interno da xestión económica-financeira, e nesta función estará sometida aos principios de autonomía funcional respecto do órgano controlado, exercicio desconcentrado e procedemento contraditorio.

As funcións de control interno, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, exerceranse pola Intervención municipal coa extensión e efectos que se determinan na lexislación vixente.

1. A función interventora ten por obxecto fiscalizar ou controlar todos os actos do Concello que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigas de contido económico, así como os ingresos e pagamentos que deles se deriven e a recadación, investimento e/ou

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

aplicación en xeral dos bens públicos co fin de asegurar que a xestión se axusta ás disposicións aplicables en cada caso.
A función interventora será desempeñada polo interventor/a xeral, os funcionarios afectos á Intervención e demais funcionarios que auxiliaren aos anteriores. Os funcionarios que exerzan a función interventora ou realicen o control financeiro deberán gardar o debido sixilo con relación aos asuntos que coñezan polo desempeño das súas funcións.
A función interventora que ten carácter interno e preventivo, ten por obxecto garantir, en todo caso e para cada acto, o cumprimento das normas relativas á disciplina orzamentaria, os procedementos de xestión de gastos, ingresos e aplicación dos fondos públicos.

2. Cando a Intervención Municipal se manifeste en desacordo co fondo ou coa forma do acto, documento ou expediente, formulará o seu reparo por escrito cando teña coñecemento dos mesmos, na forma e cos efectos sinalados nos artigos 215 a 218 do TRLRFL ou normativa aplicable.

Se a Intervención considera que o expediente obxecto de fiscalización se axusta á legalidade fará constar a súa conformidade, mediante dilixencia asinada do teor literal: "INTERVIDO E CONFORME", sen necesidade de motivala.

3. Facendo uso da facultade atribuída polo artigo 219.2 do TRLRFL, a fiscalización e intervención previa da documentación xustificativa das subvención e axudas concedidas polo Concello, farase sobre unha mostra representativa da totalidade de subvencións concedidas e os resultados de dita fiscalización reflectiranse no informe da intervención.

Base trixésima terceira.- Control financeiro e de eficacia.

O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os regulen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos se encontra orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade presupuestaria e sostenibilidad financeira no uso dos recursos públicos locais
O control financeiro así definido comprende as modalidades de control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambas o control de eficacia referido no artigo 213 do TRLRFL,incluíndose en ambas o control de eficacia referido no art.213 do TRLRFL.

O control de eficacia, consistirá en verificar o grao de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sostenibilidad financeira no uso dos recursos públicos locais.

Regularase polo Pleno da Corporación a implantación do control financeiro e de eficacia, o contido do seu exercicio e os períodos no que se debe levar a efecto.

Base trixésima cuarta.- Fiscalización de ingresos.

Substituirase a fiscalización previa dos dereitos municipais, pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe estatística. A elección do procedemento de mostraxe será feita pola intervención

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

municipal en función das características dos dereitos, tempo dispoñible e calidade desexada dos resultados.

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodriguez

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ANEXO I.- "ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS".

ARTIGO 1º.- OBXECTO E NATUREZA.

1.1.- Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación das regras básicas que rexirán as convocatorias de subvencións a conceder por este concello.

1.2.- Poderán ser obxecto de subvención as actividades que se relacionan:

- Actividades de promoción e cooperación cultural.
- Actividades de promoción do deporte e outras actividades de esparcemento
- Actividades de cooperación en actividades de promoción e reinserción social.
- Actividades de promoción do comercio e turismo
- Actividades dirixidas á formación do alumnado, funcionamento das ANPAS e demais actividades dirixidas ao sector educativo.
- Actividades que fomenten a participación cidadán.
- E, en xeral, actividades que persigan un interese social ou que sexan de utilidade pública.

1.3.- Clases de subvencións.- De acordo co procedemento de concesión, as subvencións poden clasificarse en:

a) Subvencións de concesión directa: son as previstas nominativamente no Orzamento, aquelas cuxo outorgamento ou contía vén imposta por unha norma de rango legal, aquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificulten a súa convocatoria pública e, con carácter excepcional,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

aquelas nas que se acrediten razóns debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

b) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia: aquelas nas que a concesión se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación de acordo con criterios de valoración previamente fixados na ordenanza xeral e na convocatoria.

1.4.- De conformidade coas competencias do artigo 25 da Lei 7/1985, realizaránse convocatorias de subvencións, sendo o órgano competente para dita convocatoria a Xunta de Goberno Local, que concretará as normas para a solicitude, concesión, importes (dentro dos créditos dispoñibles nas respectivas aplicacións presupostarias), xustificación e pagamento.

1.5.- Non están comprendidas no ámbito de aplicación deste capítulo as aportacións dinararias realizadas a outras Administracións Públicas cando sexa en cumprimento dun convenio de colaboración, como aportación do Concello a un gasto que vaia revertir en interese do mesmo, en execución dunha disposición legal, etc. Así mesmo non están incluidas no ámbito de aplicación do presente capítulo aquelas aportacións que sexan consecuencia dunha sentencia xudicial firme.

1.6.- Tampouco están sometidas ás disposicións deste capítulo as aportacións anuais, realizadas polo Concello de Carballo como membro de, entre outras, as seguintes asociacións, segundo cuotas aprobadas polos respectivos órganos de goberno:

- Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).
- Federación Galega de Municipios e provincias (FEGAMP).
- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Fundación Universidade da Coruña

Neste caso, o soporte xustificativo do gasto será, ou ben o recibo emitido pola asociación, ou ben a acta da sesión do órgano de goberno respectivo onde se determine a cota correspondente.

ARTIGO 2º.- DESTINATARIOS E SOLICITUDES

2.1.a Poderán solicitar as subvencións, as persoas xurídicas, agrupacións veciñais, comités organizadores ou persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro
- Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello. As persoas xurídicas, estarán validamente constituidas e rexistradas no rexistro municipal de asociacións

2.1.b Poderán acceder á condición de beneficiario de subvencións as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, ainda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se encontren na situación de que motiva a concesión da subvención. Para poder acceder á condición de beneficiario, ha de cumprir os seguintes requisitos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Carecer de fins de lucro
- Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello As persoas xurídicas, estarán validamente constituidas e rexistradas no rexistro municipal de asociacións

2.2 As solicitudes dirixiranse ó Concello de Carballo, e presentaranse no rexistro xeral do concello ou por calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e serán formuladas polos representantes legais das asociacións e demais persoas xurídicas. Poderán acceder a condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxecto, actividades ou comportamentos ou se encontren na situación que a concesión da subvención.

As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación, segundo os casos aos que sexa aplicable:

- Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar, con indicación de data e lugar de realización, número de beneficiarios, presuposto de ingresos e gastos da actividade coa expresión da financiación prevista, responsables da actividade, obxectivos e fins concretos a que se destinarán as axudas. Calquera modificación dos datos que conteña a memoria deberá ser autorizada polo Concello.
- Número de inscripción no Rexistro Municipal
- Certificación expedida polos organismos competentes que acredite estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Carballo, Axencia Tributaria e fronte a Seguridade Social
- Código de Identificación fiscal da entidade
- Documento Nacional de Identidade do representante da entidade ou asociación
- Declaración xurada das axudas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.
- Certificación da conta bancaria a nome da asociación.
- No seu caso, indicación das persoas, compromisos e nomeamento de apoderado a que se refire o artigo 11.2 e 3 da Lei Xeral de Subvencións.

2.3 O prazo ordinario de presentación das solicitudes será dun mes, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia a través da BDNS, sen prexuízo do establecido nas bases específicas de cada convocatoria.

2.4 As solicitudes que incumpran os requisitos documentais anteditos, non se admitirán a trámite, sen prexuízo da aplicación do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en relación coa subsanación e mellora das solicitudes.

ARTIGO 3º.- IMPORTE DAS SUBVENCIONS

3.1. O importe da subvención non poderá ser de tal contía que aislada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas de natureza económica concedidas por outras administracións ou entidades, supere o custo total da actividade a desenrolar polo beneficiario.

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.2. Con carácter xeral, o importe a subvencionar será do 50% do custo total da actividade sen prexuízo do que o Concello poida variar dito importe en función do interese da mesma

ARTIGO 4º.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

4.1. Na avaliación dos proxectos presentados teranse en conta os seguintes criterios:

- Carácter periódico e permanente das actividades obxecto da subvención
- Colaboración co concello no desenrolo de actividades culturais, deportivas e de utilidade pública e interese social
- Número de beneficiarios.
- Outras circunstancias previstas expresamente nas bases da Convocatoria.

4.2. Os beneficiarios de subvencións municipais estarán obrigados a poñer en coñecemento do Concello a concesión de outras axudas de organismos públicos para a mesma finalidade. En ningún caso o importe da axuda municipal concedida poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas de outras administracións ou Entes Públicos, supere o custe da actividade a desenvolver polo beneficiario.

ARTIGO 5º.- RESOLUCIONS

5.1. As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nas correspondentes bases. Resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente. O Concello poderá recabar o asesoramento de expertos nas materias subvencionables.

5.2. O acordo de concesión da subvención publicarase na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Concello, e notificarase individualmente a cada un dos solicitantes. Ademais publicarase no Boletín Oficial da Provincia un extracto da resolución pola que se ordena a publicación, indicando os lugares onde se encontra exposto o seu contido íntegro. Exceptúase desta última publicación os supostos contidos no apartado 3 do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.

5.3. A resolución será notificada a tódolos solicitantes de subvencións no prazo dun mes a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5.4. Non obstante o anterior, non se procederá á publicidade cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contrario ao respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas.

ARTIGO 6º.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

6.1 A xustificación da realización das actividades subvencionadas deberán presentarse no rexistro xeral do concello con destino ó servizo que conceda a subvención, o cal deberá conformar dita xustificación.

6.2 As subvencións poderán concederse para actividades xa rematadas o para aquelas que no momento de solicitarse, ainda non tiveran lugar, é dicir, “a xustificar”.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6.3 No suposto de actividades rematadas, os solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude os seguintes documentos xustificativos:

- Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionable
- Memoria que acredite a realización da actividade e grao de cumprimento dos obxectivos.
- Facturas orixinais debidamente cumprimentadas ou fotocopias compulsadas comprensivas dos gastos realizados no exercicio da actividade
- Nas facturas deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida, especificando a súa utilización para a xustificación da subvención da convocatoria correspondente.
- E, en todo caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concedera a subvención.

6.4 No suposto de actividades "a xustificar", os perceptores presentarán no prazo de tres meses a contar dende a data da notificación do outorgamento da subvención ou, no suposto de que finalizado dito prazo a actividade subvencionada non estivera rematada, antes do fin do exercicio económico, os seguintes documentos:

- Certificación de que a subvención ingresouse na conta respectiva e se rexistrou na contabilidade da persoa xurídica.
- Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionable co obxecto de comprobar que se axustou ó presuposto inicialmente presentado.
- Memoria que acredite a realización da actividade e grao de cumprimento dos obxectivos.
- Facturas orixinais debidamente cumprimentadas ou fotocopias compulsadas comprensivas dos gastos realizados en exercicio da actividade
- Nas facturas deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida, especificando a súa utilización para a xustificación da subvención da convocatoria correspondente.
- E, en todo caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concedera a subvención.

6.5 No suposto de que a actividade outorgada se destine a actividades desenroladas por persoas físicas, o perceptor da mesma queda obrigado a xustificar a realización da mesma acreditando que se produciu a correspondente retención do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF)

6.6. Os beneficiarios quedarán sometidos á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido nos artigos 52 ao 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e no seu regulamento e, en consecuencia, o incumprimento das normas reguladoras da subvención, e no suposto de exceso obtido entre a axuda económica e o custo da actividade desenrolada, implicará a obriga do perceptor do reintegro da totalidade ou a parte que corresponda das cantidades percibidas e intereses de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6.7. Se considerarán gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen no prazo establecido polas diferentes convocatorias das subvencións.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

a. os intereses debedores das contas bancarias
b. intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
c. Os gastos de procedementos xudiciais.
d. Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
e. Impostos personais sobre da renda.

6.8. Agás no caso que o órgano concedente a través da aprobación das convocatorias estableza o contrario, segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei Xeral de Subvencións, considerarase gasto realizado o que fora efectivamente pagado durante o período que se estableza na respectiva convocatoria.

6.9. Conta xustificativa simplificada

Para os efectos do disposto no punto 2 do artigo 30 da lei, para subvencións concedidas por importe inferior a 60.000 euros, poderá ter carácter de documento con validez xurídica para a xustificación da subvención a conta xustificativa simplificada, regulada no artigo 75 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, co contido que no mesmo se detalla e sempre que así se previse nas bases reguladoras da subvención. O órgano concedente comprobará, a través das técnicas de toma de mostras que se acorden nas bases reguladoras, os xustificantes que considere oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención; para este fin poderá requirirlle ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.

ARTIGO 7. Subvencións directas de carácter excepcional.

7.1. Para estes efectos entenderase por subvención nominativa aquela que se outorgue excepcional e motivadamente a un ente público ou a unha entidade privada sen ánimo de lucro por razóns tan singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

7.2 Excepcionalmente, poderánse outorgar subvencións directas (non suxeitas ós principios de publicidade e concorrencia) cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria, sendo un dos motivos, será a creación da Entidade beneficiaria unha vez resolto o procedemento de concesión das correspondentes subvencións.

Únicamente poderanse destinar a tales efectos ata un máximo dun 5% dos créditos consignados nas aplicacións orzamentarias correspondentes a subvencións.

7.3. Un tipo específico de subvención directa, son as axudas de emerxencia social. Son subvencións directas que obedecen, fundamentalmente, a razóns de carácter humanitario, económico ou social, e a éstas non lle será aplicable o límite do 5% establecido no párrafo anterior. A tramitación será:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Solicitude motivada da persoa interesada, dirixida aos servizos sociais do Concello.
- Informe dos servizos sociais, no que se valore a concorrencia das circunstancias anteriormente mencionadas, e en concreto, a carencia de recursos do beneficiario.
- Si se establece con carácter prepagable, extremo que deberá ser motivado no informe de servicios sociais, efectuarase un pago a xustificar a nome do persoal de servizos sociais que tramite o procedemento.
- Xustificación da aplicación da subvención á finalidade concedida.
- Nos restantes aspectos, estas axudas rexeranse pola normativa específica de servicios sociais.

ARTIGO 8º.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

1.- Realizar a actividade ou adquirir os equipamentos para o que se outorgou a subvención, e non modificar a programación de actividades aprobadas sen autorización expresa do Concello.

2.-Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, coa presentación en prazo da documentación xustificativa.

3.-Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención municipal.

4.-Comunicarlle ao Concello, tan pronto como teñan coñecemento, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

5.-Sinalar na difusión que se faga das actividades que contan co financiamento do Concello.

6.-Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.

7.-Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

ARTIGO 9.- CONTROL E REVOCACIÓN DA SUBVENCION

9.1 O Concello de Carballo reserva para sí o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos así como a efectiva realización delas e a estender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

9.2 O Concello de Carballo poderá revocar e esixir o reintegro desta nos seguintes casos:
a) Obtención de subvención sen reunir os requisitos esixidos para a mesma.
b) Incumprimento das obrigas impostas.
c) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.
d) Incumprimento da obriga de xustificar o obxecto da subvención

DISPOSICION ADICIONAL PRIMERA

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Para o non previsto nesta ordenanza será de aplicación de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia as convocatorias das subvención non nominativas e os acordos e convenios a través dos que se outorguen subvencións nominativas e demais normativa aplicable.

DISPOSICION FINAL

Para cada convocatoria concreta especificaranse os requisitos, crédito presupostario e demáis condicións específicas que, en corcondancia coa presente norma, proceda establecer.

A convocatoria publicarase, como regla xeral, no Boletín Oficial da Provincia. No caso de que a súa escasa contía e outras circunstancias motivadas así o aconsellen, poderase sustituir a publicación no Boletín Oficial da Provincia polo anuncio en prensa, no taboleiro de anuncios do concello e mediante bandos de Alcaldía."

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 20/12/2021 11:45:00)
Versión imprimible
CVD: AfXCIo1bLLUtA6+UlM3R
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.